



Campos de misión: Luces de esperanza

Santiago González Avión

Misión e secularización

Para abordar algunhas luces de esperanza en relación coa misión da Igrexa en Galicia, que constitúen a razón de ser do presente estudo, hai que achegarse, aínda que sexa de forma breve, aos problemas específicos que deben afrontar a evanxelización misioneira no contexto da secularización da sociedade. Desde o meu punto de vista, o principal conflito vivido na evanxelización da sociedade secularizada foi que o proceso de secularización afectou de forma moi fonda aos axentes implicados. Por iso, un gran número de axentes de pastoral, especialmente cregos, pero tamén persoas dedicadas á vida consagrada, abandonaron o ministerio ou as súas comunidades de pertenza, para incorporarse á vida civil. (Tamén houbo leigos que abandonaron a perspectiva crente para adoptar outra exclusivamente secular, pero esta vivencia, en xeral, resultou menos traumática). Este proceso de abandono rara vez aconteceu de forma pacífica e tranquila: produciuse unha exclusión sistemática destas persoas respecto de calquera tipo de responsabilidade na Igrexa. E, aínda que foron abundantes os exemplos de axuda para conseguir unha profesión civil, non faltaron diversas formas de rexeitamento e de represalia que afastaron vitalmente estas persoas, antes consagradas, da Igrexa á que decidiran entregar a súa vida. Nesta primeira acepción da secularización, uns ven os outros como traidores, mentres que os que saen perciben os que quedan como unha maquinaria insensible, afecta ao poder e despreocupada da sorte dos que viven nas vangardas por fidelidade ao Evanxeo. Pero hai outra acepción